



XORNADA

Faite Profesional Dixital do Marketing Dixital

Daniel Seijo (Santiago de Compostela, 1983)

Formación: Enxeñeiro técnico en informática de sistemas

- Que fai un experto en redacción de contidos online?

- Historicamente un xornalista era o encargado de levarlle a información ao usuario final, e só se preocupaba da calidade desa información, tanto na forma coma no fondo. Esa calidade segue estando máis vixente ca nunca, pero o que diferenza o redactor online é a necesidade de pensar non só no contido senón na difusión e en atraer o público. Cando só había tres revistas de cada tema e os artigos non se vían antes de comprala, isto non era un problema, só da portada. Agora con cada artigo tes que convencer o teu lector.

- Como chegaches a esta profesión?

- En 2005 había un oligopolio de medios de comunicación, xa que a súa barreira de entrada era moi difícil: comprar unha imprenta ou conseguir unha licenza de televisión. Coa masificación da Internet abríase a posibilidade de chegar ao público dun xeito moito máis fácil, así que vin a oportunidade de crear un produto mellor có que había en papel e en TV respecto a coches.

- Que oportunidades de futuro representa?

- Por unha banda non é fácil, xa que hai moitísima competencia no sector, e cada vez as plataformas como Facebook o Google levan maior porcentaxe da publicidade, xa que conseguen achegarlle máis valor ao usuario ca un redactor humano. Pero, por outra banda, o tempo de atención dixital medra cada vez máis fronte á TV, e hai máis interese ca nunca no consumo de contidos. Como calquera profesión non é fácil, pero hai oco con esforzo e dedicación.

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

- Sobre todo que intente ter unha visión global dese traballo e formarse en todas as áreas. Ser metade enxeñeiro metade artista: trátase de saber de marketing de contidos, analítica web, publicidade, coñecer a fondo un tema... pero tamén escribir ben, ter gancho e transmitir co que se escribe. E, sobre todo, que empece un blog sobre un tema que lle interese, como exercicio para crear o seu propio medio e aprender a utilizar fontes de información, captar audiencia e xestionar unha publicación.